



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 1464/2019, do 11-12-2019, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRA: PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DE CAMIÑOS CON AGLOMERADO ASFÁLTICO OU REGA ASFÁLTICA NAS PARROQUIAS DE OUCES, MORUXO, BABÍO, ROIS, SAN SALVADOR, BERGONDO, VIXOI E LUBRE (CONCELLO DE BERGONDO), INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ ADICIONAL 2019.

EXP. 2018/C003/000013

Visto o proxecto de obra de *Mellora de camiños con aglomerado asfáltico ou rega asfáltica nas parroquias de Ouces, Moruxo, Babío, Rois, San Salvador, Bergondo, Vixoi e Lubre (Concello de Bergondo)*, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Pedro Zapata Roel, colexiado núm. 708, en xaneiro de 2019, cun presuposto de execución por contrata de 541.836,93 euros, IVE incluído, obra incluída no Plan Provincial de Coperación ás obras e Servizos de competencia municipal POS + Adicional 2019, aprobado por Resolución da alcaldía-presidencia núm. 301/2019, do 28 de febreiro.

Visto que o prazo para adxudicar esta obra é ata o 30 de novembro de 2020 e que o investimento deberá quedar totalmente executado antes do 30 de novembro de 2021, segundo o contido da Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019, notificada telematicamente ao Concello.

Vista a necesidade de acometer a citada obra, xa que o pavimentado de camiños atópase entre os servizos obrigatorios que debe prestar o concello ao abeiro do artigos 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, o que se xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido no artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 11, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto técnico municipal o 10.12.2018, ratificado no informe do 30.01.2019.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019, no que se establece que o contrato deste investimento non se dividirá en lotes e adxudicárase como unha unidade contractual e que se xustifica, consonte co esixido no artigo 99.3 da LCSP, en base aos motivos que deseguido se detallan:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico e provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.
- A división en lotes tería un importante custo económico para este concello pola necesidade de contratar os servizos de redacción dos documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- A dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución do investimento.

Visto que o proxecto de obra foi aprobado por Resolución da alcaldía-presidencia núm. 301/2019, do 28.02.2019.

Considerando que a competencia para contratar corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional segunda da LCSP, e a incoación do expediente de contratación non a teño delegada na xunta de goberno local (Resolución núm. 771/2019, do 21 de xuño); unha vez examinado o expediente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Incoar o expediente ordinario de contratación da obra de: *Mellora de camiños con aglomerado asfáltico ou rega asfáltica nas parroquias de Ouces, Moruxo, Babío, Rois, San Salvador, Bergondo, Vixoi e Lubre (Concello de Bergondo)*, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Pedro Zapata Roel, colexiado núm. 708, en xaneiro de 2019, cun presuposto de execución por contrata de 541.836,93 euros, IVE incluído incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 1/2019. Exp. 2018/C003/00013, proponendo o procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, segundo o artigo 159.1 da LCSP.

SEGUNDO.- Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas no plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP nº 101, do 30.05.2018.

TERCEIRO.- Incorpórese ao expediente acta de replanteo previo da obra de referencia; informe de intervención de existencia de crédito e fiscalización previa; informe da secretaría do concello. Evacuados que sexan estes trámites, dease conta á Xunta de Goberno local, para a súa aprobación se procede.

A presente resolución publicarase no perfil do contratante do Concello de Bergondo, consonte co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

En Bergondo, mércores 11 de decembro de 2019

A alcaldesa

Dou fe; a secretaria

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos”

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o venres 13 de decembro de 2019

Vº. e Pr.

A alcaldesa

A secretaria xeral

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos